



# VII CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CAMARIÑAS

Estimados pais:

O 11 de marzo, temos previsto organizar a VII Carreira Pedestre Concello de Camariñas. Nas probas poderán participar rapaces/zas nados entre os anos 2001 e 2015.

CATEGORÍAS	DISTANCIAS	HORARIO
Pitufos (2011-2015)	150m	11´30h
Benxamín (2009-2010)	1000m	10´30h
Alevín (2007-2008)	1000m	10´15h
Infantil (2005-2006)	2000-3000m	10´45h
Cadete (2003-2004)	2000-3000m	10´45h
Xuvenil (2001-2002)	2000-3000m	10´45h

**A inscrición será gratuíta para estas categorías, e a data límite será o mércores día 7 de marzo ás 23´59h.**

- As inscricións realizarase de maneira obrigatoria a través da plataforma [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com), introducindo os datos persoais do atleta.
- No momento da formalización da inscrición o pai, nai ou titor legal do atleta menor de idade autoriza expresamente ao atleta a participar na proba.
- No caso de que o atleta menor de idade non sexa inscrito polo pai, nai ou titor/a legal, será necesario descargar a autorización paterna para cubrila e entregala no momento da recollida do dorsal.

Os atletas inscritos deberán recoller o seu dorsal e CHIP a partir das 8´30h ata media hora antes da súa carreira nas oficinas da Casa de Pedra.

A categoría PITUFOS solo levará dorsal (non chip).

**Premios:** En categoría pitufo levarán medalla todos/as os/as participantes. Nas categorías benxamín e alevín, levarán medalla todos os participantes, e subirán ao podio os/as tres primeiros/as de cada unha destas categorías. Nas categorías infantil, cadete e xuvenil levarán medalla ou trofeo os/as tres primeiros/as participantes de cada categoría.